

“Con un pequeno esforzo, o mundo pode cambiar”.

Valeria Pereiro
A Coruña

- **1. Cales son as causas que considerades mais importantes polas que debemos reciclar ?**
- Hai unha poderosa razón pola debemos reciclar e é que non hai planeta B. Se queremos conservar nas mellores condicións a contorna na que vivimos e garantir unha vida digna para as xeracións vindeiras, non podemos seguir consumindo de forma irracional os limitados e escasos recursos naturais dos que dispoñemos. Reciclar significa aforrar en todos os sentidos. Propiciando a recuperación de materiais aforramos enerxía e materias primas e, polo tanto, contribuímos a conservar os recursos do planeta.
- **3. ¿ canto tempo leva funcionando a planta ?**
- O Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda inaugurouse en xaneiro do ano 2000 e entrou en explotación comercial a mediados de 2002. Recentemente, en novembro de 2018, no marco da ampliación do mesmo, púxose en marcha unha nova planta de recuperación para os

materiais contidos no lixo convencional (contedor verde xenérico). Dotada con tecnoloxías de última xeración, esta instalación permite recuperar do lixo convencional ata 11 tipoloxías de materiais, que

algún animal merodee pola zona, pero tampouco é o habitual. No caso de detectar un animal doméstico desamparado, tómanse as medidas oportunas.

- **5. Que tipos de reciclaxe**



Planta de sogama

Sogama remite aos centros recicladores para ser convertidos en novos produtos.

- **4. O día que fomos de visita, vimos varios cans pola zona nos dixestes que estais en contacto cunha protectora, pero mentras, non creedes que é perigoso que esten tan cerca do lixo sin protección?**
- O Complexo Medioambiental de Cerceda está emprazado no rural, polo que non é estrano que

faceades na planta?

- Nas instalacións de Sogama selecciónanse os materiais que os cidadáns depositan no contedor amarelo (envases de plástico, latas e briks) e os materiais reciclables que, por erro ou descoido, se atopan no contedor verde xenérico, ao que debería ir únicamente a fracción resto. Este materiais sepáranse mecánicamente e remítense aos centros recicladores, desde onde se

reincorporan ao circuito comercial cunha nova vida.

– **6. Como vedes o futuro da planta ? cambiará moito o futura da planta cos avances tecnolóxicos?**

– O complexo de Sogama xa incorpora as tecnoloxías máis avanzadas. De feito, a nova planta de recuperación de materiais construíuse e equipouse en sintonía coa industria 4.0. A innovación tecnolóxica aporta maior eficiencia e, polo tanto, maiores taxas de reciclado..

– **8. Se seguimos sen reciclar, que cambios importantes podería haber no planeta?**

– Afortunadamente, cada vez hai maior conciencia social en torno á reciclaxe. O planeta ten que avanzar cara a un cambio estrutural nos modelos de produción e consumo, debendo ser estes máis sostibles. Isto require da necesaria implicación dos gobernos, as empresas e a cidadanía. O cambio climático é a maior ameaza que se cerne sobre a humanidade e debemos combatilo a través de modos de vida racionais nos que se prime a menor produción de lixo, a reciclaxe, a mobilidade sostible, o impulso das enerxías renovables e, en definitiva, unha economía baixa en carbono. Estamos a falar dun cambio de modelo que debe deixar atrás as malas prácticas de usar e tirar e avanzar cara a prácticas circulares orientadas ao maior aproveitamento dos

productos e á conversión dos residuos en recursos.